

## **NOTA DE PRENSA**

# **Investigadores da Universidade de Santiago realizan un estudo sobre 120 árbores e formacións senlleiras de Galicia**

**Os resultados do traballo de campo incrementaron nun 50% o número de árbores monumentais coñecidas ata o momento, achegándose a preto do millar**

---

*Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2009 (Vía Láctea Comunicación).*- Un grupo de investigación do Departamento de Produción Vexetal da Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago realizou recentemente un estudo detallado sobre as 120 árbores e formacións senlleiras incluídas no Catálogo de Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia. Neste estudo refléctense datos de medicións, propiedade, ubicación xeográfica, estado de conservación ou mesmo recomendación de actuacións.

Trátase dun proxecto de investigación que naceu froito dun convenio de colaboración entre a USC e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. O coordinador do proxecto, o profesor Antonio Rigueiro Rodríguez, manifesta a súa satisfacción co labor realizado e por “contribuír a dar a coñecer o importante patrimonio natural que constitúen as nosas árbores e formacións monumentais, entre elas as árbores máis vellas do lugar”.

Durante a investigación realizáronse informes sobre propostas feitas por diversas persoas e institucións para a inclusión de novas árbores e formacións no catálogo galego, realizando o equipo investigador visitas ás mesmas e as medicións oportunas.

Ademais, Rigueiro explica que se fixo unha investigación de novas árbores e formacións senlleiras; “recibimos información de moitas persoas e percorremos moitos montes galegos e xardíns públicos e privados da comunidade”.

## **Galicia dispón ata o momento de preto dun millar de árbores sobresaíntes**

Segundo Rigueiro, os resultados deste traballo de campo incrementaron nun 50% as árbores e formacións sobresaíntes de Galicia que se coñecían ata a realización do estudo, achegando o seu número a preto dun millar.

Froito dese traballo xurdiu a proposta de inclusión no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras un cento de exemplares, das que varias dúcias foron aceptadas polo Comité Galego de Árbores Senlleiras para a súa inclusión no catálogo oficial.



Centro de Innovación e Transferencia de  
Tecnoloxía

Edificio CACTUS – Campus universitario sur  
15782 Santiago de Compostela  
Tel. 981 547 040 - Fax 981 547 077  
Correo electrónico: [cittinfo@usc.es](mailto:cittinfo@usc.es)  
<http://imaisd.usc.es>

Por último, elaboráronse os orixinais para o libro *Árbores e formacións senlleiras de Galicia* que acaba de publicar a Xunta de Galicia e que será presentado oficialmente á volta do verán, do que son coautores o coordinador do equipo investigador e outro membro do mesmo.